

CON TÓDOLOS PERMISOS. A PRIMEIRA UNIVERSITARIA GALEGA: MANUELA A. BARREIRO PICO

**BERMEJO PATIÑO, MANUEL R.; FERNÁNDEZ-GARCÍA, M^a ISABEL;
GÓMEZ-FÓRNEAS, ESTHER; GONZÁLEZ-NOYA, ANA M.;
MANEIRO, MARCELINO; PEDRIDO, ROSA; PINTOS BARRAL, XOANA;
RODRÍGUEZ-SILVA, LAURA; ROMERO, M^a XOSÉ**

Departamento de Química Inorgánica, USC

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ

IES Anxel Fole, Lugo

GARCÍA-SEIJO, INÉS

CPI Luís Díaz Moreno, Baralla

Nesta comunicación queremos afondar no tema de mulleres pioneiras galegas que estudaron carreiras universitarias de Ciencias (Farmacia, Medicina, Física, Química, Matemáticas) . Pretendemos amosar moitos dos atrancos que as mulleres antes do 1910 (R.O. do 8 de marzo de 1910 e a reforma do 2 de setembro de 1910) tiveron que salvar para acceder a Universidade e estudar unha carreira e desenvolvela. Reflectimos estes atrancos na figura de Dona Manuela Barreiro á par que lle damos visibilidade para que sexa coñecida.



Dna Manuela Antonia Barreiro Pico é a primeira universitaria e a primeira Licenciada en Farmacia da USC.

Naceu en Viveiro¹ no ano 1877, pero viviu sempre en Ribadeo onde fixo a primaria, probablemente foi alumna da mestra Dona Enriqueta Sánchez, daquela xa nos núcleos de máis de 500 habitantes tiñan escola de nenas e se non, tiñan as escolas mixtas². Fixo o bacharelato entre os Institutos de Ensinanza Media de Tapia de Casariego (Asturias) e o de Ribadeo (Lugo), sendo a primeira muller en acadar o título de Bachaler en Galicia, con moi boas notas, no ano 1896. Quere estudar unha carreira universitaria e daquelas as mulleres non podían matricularse na Universidade. Tiñan que

solicitar permiso o Ministerio de Instrucción Pública (R.O. de 11 de junio de 1888) e a resposta era que podían facelo sempre que os catedráticos respondesen da orde da clase. No caso de Manuela non houbo problema e puido matricularse na Facultade de Farmacia. Fixo a súa carreira con moi boas notas e a acabou no ano 1900. O título de Licenciada en farmacia é do ano 1901.

Para poder exercer a profesión para a que estudou ten de novo que solicitar un permiso razoado que quere facer ao Ministerio de Instrucción y Bellas Artes. Foille concedido e puxo a farmacia en Ribadeo onde desenvolveu a súa profesión. Xubilouse no ano 1931.

¹ *Manuela A. Barreiro Pico, Ribadense destacada, 1^a Licenciada en Farmacia de Galicia (1900)*. M^a Isabel Fernández García, Ed. Deputación Provincial de Lugo, ISBN 978-84-697-4468-0, DP Lu 102, 2017.

² *A Ciencia en Galicia e os Científicos do século XVIII*, M R. Bermejo, M.I. Fernández-García, B. Fernández, E. Gómez, A. M González-Noya, I. García-Seijo, L. Rodríguez Silva, M. Maneiro, R. Pedrido, X. Pintos (2015). Boletín das Ciencias, nº 81, XXVIII Congreso de Enciga, p 81. ISSN: 0214-7807.